

# **Avaliación de diagnóstico**

## **Curso 2023-2024**

**Instrucións**

**Cuestionarios de alumnado e familias**

## 1. Impresión de cartas, relación de alumnado e claves de acceso

Deberemos ir a **8. Informes > 8.2. Cuestionarios**.

Veremos unha pantalla con varios criterios de busca. Simplemente escolleremos:

- **Convocatoria** = *Única*
- **Avaliación** = *Av. diagn. 2.º ESO* ou *Av. diagn. 4.º EP* (segundo corresponda)
- **Sede** = o que corresponda
- **Centro** = o que corresponda

A continuación, faremos clic en **Buscar**:

**Filtros de busca**

Convocatoria \*  
-- Seleccione unha convocatoria --

Avaliación \*  
-- Seleccione unha avaliación --

Sede \*  
-- Seleccione un elemento --

Centro \*  
-- Seleccione un elemento --

**Buscar** **Limpar**

O programa ofreceranos tres informes posibles:

- **Claves acceso:** listaxe da relación entre o nome de alumno/a e a clave que lle corresponde.
- **Carta familias:** carta para enviar ás familias con información explicativa e coa clave de acceso que lles corresponde.
- **Etiquetas cuestionarios:** listaxe de códigos de acceso en formato de etiquetas adhesivas.

Os tres informes poderán imprimirse para todo o centro ou para un grupo concreto (despregable *Aula*).

## 2. Entrega de cartas ao alumnado e comunicación ás familias

**2.1** Unha vez xeradas e impresas, as cartas das familias **entregaranse ao alumnado ao longo desta semana**. Nótese que cada carta está asociada a un alumno/a, polo que se deben ter en conta os informes de Avalia: "**Claves acceso**" e "**Carta familias**".

Os resultados derivados da avaliación veríanse comprometidos se se entregasen a algúns alumnos/as cartas con claves de acceso que non lles corresponden.

**2.2** O día de entrega da carta o centro deberá enviar a seguinte mensaxe a través do medio de comunicación electrónico empregado polo centro habitualmente para comunicarse coas familias (ABALAR ou equivalente):

*Estimada familia,*

*O seu fillo ou filla vén de participar nas probas da avaliación de diagnóstico. No día de hoxe foille entregada unha carta dirixida a vostedes na que se solicita que respondan un cuestionario de contexto específico para o alumnado e as súas familias.*

*Na carta indícase a páxina web **LINK\*** e a clave de acceso para cubrir o cuestionario en liña. O prazo para esta tarefa remata o 30 de abril de 2024.*

*Para encher o cuestionario en liña, é preciso ter conexión a Internet e un dispositivo electrónico (ordenador, teléfono intelixente, tablet). **Se o necesitan, o centro pon á súa disposición o equipamento informático necesario para cubrir o cuestionario. [texto en vermello OPCIONAL a considerar polo centro\*]***

*Ademais, se a vostedes non lles resulta posible realizar o cuestionario en liña, poden solicitar a súa versión en papel entregando cuberto o recortable da carta no centro educativo, a través do seu fillo ou filla.*

*Moitas grazas pola súa colaboración.*

*[nome do centro], [localidade do centro], [data]*

\*LINK refírese en primaria a <https://enquisas.edu.xunta.gal/649647> e en secundaria a <https://enquisas.edu.xunta.gal/272794>.

**2.3 A data límite de entrega do 30 de Abril e só para as familias que cubran o cuestionario en liña.** A xestión de cuestionarios en papel no centro terá un prazo máis amplo, que se concreta no apartado 4 deste manual.

### **3. Recordatorio de realización do cuestionario**

Coa finalidade de que a maioría das familias cubran o cuestionario en liña, deberase enviar unha mensaxe como recordatorio.

Consideramos oportuno realizar unha segunda comunicación, pola mesma canle que a anterior, preferiblemente o **xoves 25 de abril**, avisando da proximidade da data límite para cubrir o cuestionario en liña.

*Estimada familia,*

*Dirixímonos a vostedes para recordarlles que o prazo para cubrir en liña o cuestionario de contexto das probas de avaliación de diagnóstico remata o 30 de abril de 2024.*

*Aproveitamos para recordarlles que, no caso de que solicitasen o cuestionario en papel, deben devolvelo ao centro, a través do seu fillo ou filla, o antes posible.*

*Moitas grazas pola súa colaboración.*

*[nome do centro], [localidade do centro], [data]*

#### **4. Entrega da copia en papel do cuestionario (só ás familias que o soliciten)**

Co fin de que os resultados obtidos sexan representativos do centro educativo, necesítase recadar a maior cantidade posible de cuestionarios, en liña ou en papel. Por iso se lles entregará o cuestionario en papel ás familias que o solicitaron, a través dos seus fillos ou fillas.

Ás familias que soliciten a copia en papel entregaráselles o cuestionario co código de acceso escrito ou coa etiqueta pegada na portada. Este código/etiqueta está no informe de AVALIA **Etiquetas cuestionarios**. Esta entrega deberá realizarse coidadosamente para ter a garantía de que cada alumno leva consigo o cuestionario que realmente lle corresponde.

O prazo para que as familias devolvan o cuestionario cuberto en papel remata o 6 de maio de 2024. Recoméndase incorporar na portada dos cuestionarios a seguinte indicación:

*“Devolver antes do 6 de maio de 2024”.*

Nestes casos, si será necesario que o profesorado colaborador cargue na aplicación os cuestionarios antes do 16 de maio de 2024.